

ACTA SESION EXTRAORDINARIA E ESPECIAL
DE ORGANIZACION CELEBRADA POLO PLENO O DIA 18 DE XUÑO DE 2011

ASISTENTES:

Presidente:

D. JOSÉ ANTONIO LANDÍN EIRÍN

Concelleiros:

Partido Popular:

Dna. M^a TERESA ROIG OLONA

Dna ROSA VARELA MAGARIÑOS

D. EDUARDO IGLESIAS GONZÁLEZ.

D. MANUEL FONTÁN OUTÓN

D. MANUEL RIVAS REBOREDO.

Bloque Nacionalista Galego:

D. XOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ ABRALDES

D. ROBERTO RIVAS REBOREDO.

Dna. M^a XESÚS CASTRO CALVIÑO.

P.S. de G.-PSOE:

Dn. JOSÉ SANMARTÍN SOTO

Dna. MARÍA MARGARITA CANAY PINTOS.

Secretario : D. Xesús Rodríguez Castro

ORDE DO DIA

- 1.- APROBACIÓN ACTA ANTERIOR.
- 2.- COÑECIMENTO CONSTITUCIÓN GRUPOS POLÍTICOS E NOMEAMENTO DE PORTAVOCES.
- 3.- CREACIÓN E COMPOSICIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.
- 4.- CREACIÓN E COMPOSICIÓN COMISIÓNS INFORMATIVAS.
- 5.- PERIODICIDADE DAS SESIÓNS DOS ÓRGANOS DE GOBERNO.
- 6.- DELEGACIÓN COMPETENCIAS DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.
- 7.- ASISTENCIAS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN ÁS SESIÓNS DOS ÓRGANOS COLEXIADOS.
- 8.- COÑECEMENTO RESOLUCIÓNS DA ALCALDIA EN MATERIA DE NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE, COMPOSICIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, PRESIDENCIA COMISIÓNS INFORMATIVAS E DELEGACIÓNS DA ALCALDIA.
- 9.- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS

No salón de Plenos da Casa Consistorial de Barro sendo as once horas do día dezaeito de xuño de dous mil once, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. José Antonio Landín Eirín coa asistencia dos concelleiros expresados e a presenza do Secretario D. Xesús Rodríguez Castro, réunese o Pleno do Concello en primeira convocatoria para tratar asuntos da súa competencia que integran o orde do día.

1.- APROBACIÓN ACTA ANTERIOR.-

Dase conta da acta da sesión constitutiva da Corporación de data 11/06/2011 e apróbase por unanimidade.

2.- COÑECEMENTO DE NOMEAMENTO PORTAVOCES GRUPOS POLÍTICOS.-

De orde do Sr. Alcalde polo Secretario dase conta dos escritos de constitución dos grupos políticos e de nomeamento de portavoces que son os seguintes:

A) Escrito de data 11/06/2011 polo que se constitue o grupo político "PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA (PSOE), composto polos Concelleiros:

- D. JOSÉ SANMARTÍN SOTO
- Dna. M^a MARGARITA CANAY PINTOS.

Nomear como portavoz a: D. JOSÉ SANMARTÍN SOTO e como suplente Dna. M^a MARGARITA CANAY PINTOS.

B) Escrito de data 14/06/2011 polo que se constitue o grupo político "Bloque Nacionalista Galego"(B.N.G.), composto polos Sres. Concelleiros:

- D. XOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ ABRALDES.
- D. ROBERTO RIVAS REBOREDO.
- Dna. M^a XESUS CASTRO CALVIÑO.

Nomear como portavoz a D. XOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ ABRALDES, e como suplentes a: D. ROBERTO RIVAS REBOREDO e Dna. M^a XESÚS CASTRO CALVIÑO.

C) O Sr. Alcalde da conta que se constitue o grupo político "Partido Popular"(P.P.), composto polos Sres. Concelleiros:

- D. JOSÉ ANTONIO LANDÍN EIRÍN.
- Dna. MARÍA TERESA ROIG OLONA.
- Dna. ROSA VARELA MAGARIÑOS.
- D. MANUEL FONTÁN OUTÓN
- D. EDUARDO IGLESIAS GONZÁLEZ.
- D. MANUEL RIVAS REBOREDO.

Nomear como portavoz a D. JOSÉ ANTONIO LANDÍN EIRÍN e como suplente do mesmo a D. MANUEL RIVAS REBOREDO

A Corporación dase por enterada da composición dos grupos políticos e nomeamento de portavoces.

3.- CREACIÓN E COMPOSICIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

Pola Presidencia faise a seguinte PROPOSTA:

De acordo có previsto no artigo 20 lei 7/85 do 2 de abril, redacción dada por lei 57/2003 e art. 35 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Alcalde propón ó Pleno a creación da Xunta de Goberno Local, posto que nos Concellos con poboación inferior a 5.000 habitantes, a creación da mesma é optativa cando así o acorde o pleno polo que se propón a creación da Xunta de Goberno Local coas funcións de asistir ó Alcalde, sin perxuízo das atribucións que lle delegue o Alcalde ou o Pleno.

Sometida a proposta a votación apróbase por UNANIMIDADE: Creación da Xunta de Goberno Local composta polo Sr. Alcalde e tres tenentes de alcalde.

4.- CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS.-

- A) Creación das Comisións Informativas.-
- B) Determinación da súa composición numérica.-
- C) Adscripción concreta no seu caso, dos concelleiros que as compoñerán.

Pola Presidencia faise a seguinte PROPOSTA:

1.- Polo artigo 20.1. c) da 7/85 do 2 de abril redacción dada por lei 57/2003 do 16 de decembro e art. 124 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sobre previsión de órganos que teñan por obxecto o estudo, informe ou consulta de asuntos que teñan que ser sometidos a decisión do pleno así como o seguimento da xestión do alcalde. Tódolos grupos políticos integrantes da corporación terán dereito a participar nestes órganos mediante a presenza de concelleiros pertencentes a eles, establécese que as Comisións Informativas pertinentes son as que constitúen con carácter xeral, e que o seu número e denominación asignarase mediante acordo adoptado polo Pleno a proposta do Alcalde, procurando no posible a súa correspondencia co número e denominación das grandes áreas en que se estruturan os servizos corporativos.

2.- Examinadas as circunstancias concurrentes actualmente no Concello de Barro, as Comisions informativas estarán integradas de xeito que a súa composición se acomode a proporcionalidade existente entre os distintos Grupos Políticos con representación na Corporación, polo que se propón ó Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

a). Aprobar que a composición das Comisions Informativas estén constituídas, ademais de polo Presidente, polos seguintes membros:

Grupo P.P.: DOUS membros.

Grupo B.N.G.: UN membro.

Grupo PSOE.: UN membro

b). Creación dunha única Comisión Informativa permanente denominada Comisión de Estudio e Informe de Asuntos do Pleno.

Sometido o asunto a votación, acordase por UNANIMIDADE:

1º.- Aprobación da creación dunha única Comisión Informativa de Estudio e Informe de Asuntos do Pleno coa seguinte composición:

- 2 concelleiros do PP
- 1 concelleiro do BNG
- 1 concelleiro do PSOE

2º.- Aprobación da creación da Comisión Especial de Contas coa seguinte composición:

- 3 concelleiros do PP
- 2 concelleiros do BNG
- 1 concelleiro do PSOE

C) Adscripción concreta de concelleiros as Comisións informativas.

En base a manifestación dos portavoces dos grupos políticos dase conta da adscripción concreta de concelleiros as comisións informativas:

Composición da Comisión Informativa de Estudio e Informe de asuntos do pleno

P.P.: Dna Rosa Varela Magariños, D. Eduardo Iglesias González

B.N.G.: titular: Dna María Xesús Castro Calviño, suplente: D. Roberto Rivas Reboredo.

P.S.O.E: D. José Sanmartín Soto

Composición da Comisión Especial de Contas

P.P.: Dna. Rosa Varela Magariños, D. Eduardo Iglesias González, D. Manuel Fontán Outón.

B.N.G.: titulares: Dn. Xosé Manuel Fernandez Abraldes e D. Roberto Rivas Reboredo; suplente: Dna María Xesús Castro Calviño

P.S.O.E: Dna. M^a Margarita Canay Pintos.

Os membros da corporación danse por enterados.

5.- PERIODICIDADE DAS SESIÓNS DOS ÓRGANOS DE GOBERNO.-

Pola Presidencia dase conta da seguinte PROPOSTA:

De conformidade co establecido polo artigo 46.2 da lei 7/85 do 2 de abril, redacción dada por lei 57/2003 do 16 de decembro e o establecido no art. 210.2.a) da lei 5/97 do 22 de

xullo , será fixada polo mesmo mediante acordo adoptado na sesión extraordinaria que se celebrará dentro dos 30 días seguintes o da sesión constitutiva da Corporación e de conformidade ó indicado anteriormente, propónse ó Pleno do Concello a adopción do seguinte:

ACORDO:

1.- Que o Concello Pleno, celebre a súas sesións ordinarias de conformidade ó disposto no artigo 46.2 da Lei 7/1985 do 2 de Abril, na redacción dada pola lei 57/2003 do 16 de decembro, art. 210.2.a) da lei 5/97 do 22 de xullo e no artigo 78.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, cada DOUS meses, o derradeiro XOVES do mes IMPAR, que non sexa festivo, e sendo así, celebrárase o día hábil inmediatamente seguinte que non sexa sábado, co mesmo carácter de ordinaria, co seguinte horario: 20 horas (8 do serán) do 21 de outubro ó 21 de marzo e ás 21 horas (9 do serán) no verán, do 21 de marzo ó 21 de outubro.

2.- Que a periodicidade mínima do réximen das sesións que se propón para as Comisións Informativas será previa a celebración de cada Pleno segundo os asuntos a tratar co seguinte horario: 20 horas (8 do serán) do 21 de outubro ó 21 de marzo e ás 21 horas (9 do serán) no verán, do 21 de marzo ó 21 de outubro.

Polo portavoz do BNG faise constar a necesidade de respetar a convocatoria dos plenos ordinarios e a conveniencia de falar cos portavoces dos grupos políticos cando se trate de plantexar o aplazamento de algunha sesión por motivos fundados.

Sometida a votación a proposta da Alcaldía nos términos da súa transcripción **APRÓBASE POR UNANIMIDADE.**

6.- DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

O Sr. Alcalde fai a seguinte PROPOSTA:

Delegación polo Pleno na Xunta de Goberno Local de todas as competencias atribuídas ó pleno polo art. 22.2 da Lei 7/85 de 2 de abril, na redacción dada por lei 57/2003 do 16 de decembro, art. 23 do R.D. 781/86 de 18 de abril e art.50 do R.D. 2568/86 de 28 de novembro coa excepción das previstas no art. 22.4 da Lei 7/85 de 2 de abril na redacción dada pola lei 57/2003 do 16 de decembro.

Toma a palabra o Sr. Fernández Abraldes sinalando que ó Pleno se deben traer todos aqueles asuntos de trascendencia e que solo estaría xustificado resolver pola Xunta de Goberno Local aqueles asuntos de tramitación ordinaria e de urxencia manifestando a súa oposición a delegación de competencias do pleno na Xunta de Goberno Local.

Sr. Alcalde, sinala que a pesares desta delegación xenérica de feito veñense sometendo a aprobación do pleno asuntos que poderían ser resoltos pola Xunta de Goberno Local.

Sometida a proposta a votación apróbase a proposta formulada pola alcaldía por 6 votos a favor, votan Sres/as. Roig Olona, Varela Magariños , Fontán Outón, Iglesias González, M. Rivas Reboredo e Sr. Alcalde (P.P.), 5 votos en contra, votan Sres. Fernández Abraldes, Castro Calviño e R. Rivas Reboredo (BNG); Sanmartín Soto e Canay Pintos (PSOE).

7.- ASISTENCIA DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN ÁS SESIÓNS DOS ÓRGANOS COLEXIADOS.

O Sr. Alcalde da conta do contido da base 15ª do Orzamento do exercicio 2011, sobre os importes das asistencias do Alcalde e Concelleiros ás sesións do Pleno, Xunta de Goberno Local e Comisións Informativas, que quedaron estipulados cos seguintes importes: Alcalde: Asistencia a calquer tipo de Comisión Informativa, sesión do Pleno ou da Xunta de Goberno Local: 300,00 €, sin límite de contía anual.

Concelleiros:

- Asistencia a sesións de Comisións Informativas: 50,00 €.
- Asistencia a sesións da Xunta de Goberno Local: 70,00 €,
- Asistencia a Plenos: 100,00 €.

Sometida a proposta da alcaldía a votación aprobouse por unanimidade:

Alcalde:

- Asistencia a calquer tipo de Comisión Informativa, sesión do Pleno ou da Xunta de Goberno Local: 300 €, sin límite de contía anual.

Concelleiros:

- Asistencia a sesións de Comisións Informativas: 50 €.
- Asistencia a sesións da Xunta de Goberno Local: 70 €,
- Asistencia a Plenos: 100 €.

8.- COÑECEMENTO DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA EN MATERIA DE NOMEAMENTOS DE TENENTES DE ALCALDE, COMPOSICIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, PRESIDENCIA COMISIÓNS INFORMATIVAS E DELEGACIÓNS DA ALCALDÍA.-

Dase conta dos Decretos da Alcaldía de data 14 de xuño de 2011, que se transcriben:

8.1.- NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE

“De conformidade co disposto no art. 21.2 da Lei 7/85 de 2 de abril, redacción dada pola Lei 57/2003 de 16 de decembro, e art. 46 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

RESOLVO:

Primeiro.- Nomear Tenentes de Alcalde ós/ás concelleiros/as seguintes:

1º Tenente de Alcalde: **Dª Mª Teresa Roig Olona.**

2º Tenente de Alcalde: **D. Manuel Fontán Outón.**

3º Tenente de Alcalde: **D. Manuel Rivas Reboredo.**

Segundo.- Os Tenentes de Alcalde en canto a tales corresponderalles:

1.- Asistencia permanente ó Alcalde no exercicio da totalidade das súas atribucións e substituílo na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que lle imposibilite para o exercicio das súas atribucións.

2.- As demais atribucións e da forma prevista no art. 47 e 48 do R.O.F.

Terceiro.- Da presente Resolución darase conta ó Pleno na primeira sesión que teña lugar, notificándose ademais persoalmente ós/ás designados/as e publicarase no B.O.P., sin prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ó desta, segundo establece o art. 46.1 do R.O.F.”-----

8.2.- DELEGACIÓN DE ATRIBUCIÓN

“De conformidade co disposto no art.21 da Lei 7/85, do 2 de abril, redacción dada pola Lei 57/2003 de 16 de decembro e artigos 43 e seguintes do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1.986.

RESOLVO:

1.- Realizar as seguintes DELEGACIÓNS por áreas:

- EDUCACIÓN en **Dna. Rosa Varela Magariños.**

- CULTURA E ASUNTOS SOCIAIS en **Dna. M^a Teresa Roig Olona.**

- DEPORTES en **D. Manuel Rivas Reboredo.**

2.- Contido da delegación: Todos aqueles asuntos relacionados coas materias delegadas que non sexan competencia do Pleno, Xunta de Goberno Local ou Alcaldía, reservándose a Alcaldía a de dirección e resolución de asuntos que afecten a terceiros.

3.- Os destinatarios/as destas delegacións non poderán delegar nun terceiro as atribucións ou potestades recibidas por delegación.

4.- A presente delegación de atribucións surtirá efectos dende o día seguinte ó da data do presente decreto sen prexuízo da súa preceptiva publicación no B.O.P.

5.- Da presente Resolución darase conta ó Pleno na primeira sesión que teña lugar, notificándose ademais persoalmente ós/ás designados/as e publicarase no B.O.P., sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ó da presente resolución, segundo establece o art. 44.2 do R.O.F.”-----

8.3.-DELEGACIÓN DE SINATURA

De conformidade co disposto no art. 13, 16, e 14 da Lei 30/92 do 26 de novembro, modificada por lei 4/99 do 13 de xaneiro, art. 21.3 da Lei 7/85 do 2 de abril, redacción dada pola Lei 57/2003 de 16 de decembro, art. 43 e seguintes do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1.986

RESOLVO:

Primeiro.- Realizar a delegación de sinatura na 1ª Tenente de Alcalde Dna **MARÍA TERESA ROIG OLONA** para as materias que se detallan:

- Visado Certificacións emitidas por Secretaría.
- Oficios de remisión documentación a Administracións Públicas, Organismos e Autoridades
- Informes solicitados polos/as veciños/as para surtir efectos ante administracións e Organismos Oficiais.
- Sinatura de contratos que sexan competencia da Alcaldía.
- En xeral, dilixencias e actuacións referidas a actos de trámite.

Segundo.- Resérvase a Alcaldía a de dirección e resolución de asuntos que afecten a terceiros. Non podendo o/a destinatario/as desta delegación delegar nun terceiro as atribucións ou potestades recibidas por delagación.

Terceiro.- Quedan excluídas desta delegacións as atribucións establecidas no art. 21.3 da lei 7/85, redacción dada pola Lei 57/2003 de 16 de decembro.

Cuarto.- Da presente Resolución darase conta ó Pleno na primeira sesión que teña lugar, notificándose ademais persolamente ós/as designados/as e publicarse no B.O.P., sin prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ó desta resolución, de conformidade co art. 44.2 do R.O.F.

8.4.- COMPOSICIÓN E COMPETENCIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

De conformidade coas atribucións que me confiren os art. 23 da Lei 7/85 de 7 de abril, redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, e art. 52 do R.D. 2568/86 de 28 de decembro:

DISPOÑO:

Primeiro.- A **Xunta de Goberno Local** presidida por esta Alcaldía, estará integrada polos/as Concelleiros/as, en número non superior ó tercio do número legal dos mesmos e que a continuación se sinalan:

- **Dna. Mª Teresa Roig Olona.**
- **D. Manuel Fontán Outón.**
- **D. Manuel Rivas Reboredo.**

Segundo.- A Xunta de Goberno Local terá asignadas as seguintes atribucións:

- a) Asistencia permanente ó Alcalde no exercicio das súas atribucións.

b) As atribucións que esta Alcaldía de forma expresa delega e que a continuación se sinalan:

- Tódalas competencias legalmente atribuídas á Alcaldía, incluídas as previstas no art. 21.1, j) da Lei 7/85, salvo a autorización e disposición de gastos, recoñecimento e liquidación de obrigacións establecidas no art. 185 do R.D. 2/2004 de 5 de marzo, e na base 9ª do orzamento de 2011 ata un importe de 6.000,00 €, e as mencionadas nos art. 21.3 e 71 da Lei 7/85 de 2 de abril, redacción dada pola lei 57/2003, de 16 de decembro.

c) As demais que poida delegarlle o Pleno do Concello, segundo disposto o art. 51 do Regulamento de Organización, funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais.

Terceiro.- As facultades que poderá exercer a Xunta de Goberno Local en relación coas atribucións delegadas no apartado anterior, serán as propias que lle correspondan ó órgano delegante sin que se produza limitación ou condición algunha para o seu exercicio, agás as que expresamente se reserve esta Alcaldía en decretos posteriores.

Cuarto.- O réxime xurídico aplicable á presente delegación será o previsto con carácter xeral nos arts. 114 e 118 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais.

Quinto.- Deixar sen efecto tódalas delegacións que realizara en favor da Xunta de Goberno Local por parte da Alcaldía con anterioridade ó presente Decreto e proceder á modificación das bases de execución do Orzamento para a adecuación ó presente Decreto de delegación.

Sexto.- Esta Alcaldía poderá avocar en calquera momento as competencias anteriormente delegadas, segundo ás disposicións vixentes sobre Procedemento Administrativo.

Sétimo.- A Xunta de Goberno Local celebrará sesión constitutiva dentro dos dez días seguintes a aquel en que fosen designados os membros que a integran de conformidade ó disposto no art. 112.1 do R.O.F.

Oitavo.- A Xunta de Goberno Local celebrará sesión ordinaria con periodicidade mensual, o último xoves de mes ás 20 horas, de conformidade co disposto no art. 112.3 do R.O.F.

Noveno.- Desta Resolución darase conta ó Pleno na primeira sesión que teña, notificándose ademais persoalmente ós/as designados/as e publicarase no B.O.P., sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ó desta resolución, de conformidade co art. 52.4 do R.O.F.

A Corporación Municipal dase por enterada.

9.- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS.

O Sr. Alcaldes propón como representantes no Consello Escolar do Colexio Público “Amor Ruibal” e do Instituto de ESO:

Titular Dna .ROSA VARELA MAGARIÑOS
Suplente Dna . MARÍA TERESA ROIG OLONA

A corporación dase por enterada.-

A continuación toma a palabra o Sr. Alcalde e informa os membros da corporación de que, en relación coa problemática do polígono de Outeda, está prevista unha reunión a petición dos veciños de Curro que se convocará proximamente na parroquia e a que se convidará os partidos políticos e os representantes das Comunidades de Montes afectadas. Informa tamén da previsión de acometer as obras de apertura do vial que baixa hacia o edificio do tanatorio e da próxima sinatura de convenio coa Xunta de Galicia para a Modificación Puntual nº 2 na que se incluírá o trazado da circunvalación de Santo Antoniño.

Os membros da corporación danse por enterados.

E non habendo mais asuntos que tratar conforme a orde do día a Sr. Alcalde da por rematado o acto e levanta a Sesión sendo as once horas e trinta e cinco minutos do expresado día, para constancia levántase a presente Acta, a salvo dos términos que resulten da aprobación da mesma, do que eu, o Secretario, dou fe.

O ALCALDE

O SECRETARIO